

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2023

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trece de decembro de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase estimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de novembro de 2023, en relación coa licenza urbanística para a construción de vivenda unifamiliar na rúa Monzón, número 2 (expte:2023/P014/000147).

Tamén se acorda a aprobación da licenza urbanística para demolición de centro de transformación en desuso, sito na rúa Poeta Xosé Crecente Vega, (expte: 2023/Y001/000301).

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación da contratación do servizo de xerencia e asistencia técnica do plan de sostenibilidade turística en destino do Concello de Lugo (Pstd: Et Edendo, Lucus: un recorrido histórico por la enogastronomía) - financiada a través do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo - plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea - código de proxecto: 23MRRXX43201.. Exp. ref. 2023/C003/000023.

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización tributaria exp. denegación licenza para planta de produción de biometano para inxección á rede, en esquema de economía circular a través da xestión e valoración de residuos orgánicos, en Lamablanca e Monte de Soñar.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac7624445298882579014.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-12-2023

4. FOMENTO.- Acórdase aprobar o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo, para a execución do fin común consistente na promoción e fomento das tradicións artesáns mediante a celebración da II feira de olaría; Lugo tradicional Folt no ano 2023.

Tamén se acorda a tramitación de Addenda de modificación ao Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na subministración dunha estrutura modular que conforme unhas piscinas flotantes para o seu uso en futura área de baño municipal.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

5. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a aprobación do proxecto denominado “Aquavanza Lugo” para concorrer á segunda convocatoria de concesión de axudas de elaboración de proxectos de mellora da eficiencia do ciclo urbano da agua. Código proxecto 23MRRXX24103.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e Impulso Rural e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.